



Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

Especialidade de Xenética Humana

➔ O Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad elaborou no seu momento un **Proxecto de Real Decreto** polo que se crean novos títulos de especialista e se actualiza o sistema formativo de determinadas especialidades en ciencias da saúde. Foille remitido ao Consejo General de COBs para que os colexios que o integramos formuláramos as alegacións pertinentes. Entre eses títulos de especialista de nova creación atopábase (por fin!) o de **Xenética Humana**, que era xa unha moi vella reivindicación dos colexios de biólogos e que se engadía aos cinco xa recoñecidos no Real Decreto 1.163/2002: Análises Clínicas, Bioquímica Clínica, Inmunoloxía, Microbioloxía e Parasitoloxía, Radiofarmacia.

É importante salientar o que indica a **Disposición Transitoria Segunda** do proxecto, sobre unha vía transitoria de acceso ao dito título para os graduados/licenciados "que acrediten desempeñar actividades profesionais de carácter sanitario vinculadas al ámbito de dicha especialidad" polo procedemento que se determine no seu momento. Presumiblemente dito procedemento e condicións serán análogas ás establecidas na Orden PRE/274/2004, de 5 de febreiro, por la que se regulan las vías transitorias de acceso a los títulos de Químico, Biólogo y Bioquímico especialista (BOE de 13/II/04; <http://www.boe.es/boe/dias/2004/02/13/pdfs/A06665-06670.pdf>). En consecuencia, a colexiación será un factor esencial para a acreditación que se esixirá desa actividade profesional.

Temos a disposición dos interesados o texto do proxecto, previa solicitude. Poderemos resolver as dúbidas que teñades sobre esa disposición transitoria.

Os colexios de biólogos continuamos traballando para que este éxito se vexa completado coa creación de outras especialidades como a de Reprodución Humana Asistida, que recoñeza *de iure* a actividade que levan realizando *de facto* desde fai moito tempo e con todo rigor un amplo número de compañeiras/os. De feito, hai un recurso no Tribunal Supremo interposto polo Consejo General de COBs contra o Real Decreto 183/2008 de especialidades sanitarias no que se solicita a creación de 6 especialidades sanitarias novas (incluída a de Xenética Humana).